



## **TROFEO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA**

### **1. DONACIÓN.**

No 2001 o Presidente da Xunta de Galicia donou o Trofeo que leva o seu nome, ás seguintes entidades de forma conxunta:

**Monte Real Club de Yates de Bayona.**

**Real Club Náutico de La Coruña.**

**Real Club Náutico de Sanxenxo.**

O Trofeo consiste nunha reprodución do Botafumeiro, o espectacular incensario da Catedral compostelana do cal marabilla dende hai séculos a miles de peregrinos, viaxeiros ou turistas.

### **2. DESTINO E CARÁCTER PERPETUO.**

O Trofeo do Presidente da Xunta de Galicia está destinado a premiar os gañadores do Circuito Galego de Alto Nivel e ten carácter perpetuo. Cada ano gravaranse os gañadores e entregaráselles unha reprodución.

### **3. CUSTODIA.**

O Trofeo do Presidente da Xunta de Galicia estará custodiado, entre entrega e entrega, por unha das entidades anteriores pasando despois de cada entrega a outra entidade rotando así entre as Tres en igualdade. Ademais o Trofeo mostrarase en todos aqueles eventos que se considere de interese para a súa maior difusión.

### **4. INSCRICIÓN.**

A inscrición no Trofeo Presidente da Xunta de Galicia realízase pola mera inscrición en calquera das regatas que integran o Circuito Galego de Alto Nivel e que son as seguintes:

R.S.A.R. Infanta Elena. RCNCoruña

Trofeo S.A.R. Príncipe de Asturias, MRCYBayona

Master Sanxenxo, RCNSanxenxo

## **5. GAÑADORES.**

*Proclamaranse gañadores do Trofeo do Presidente da Xunta de Galicia do ano 2014 ao gañador do Circuito Galego de Alto Nivel tanto no grupo ORC 0-1 e ORC 2-3.*

## **6. PUNTUACIÓN.**

*Considérase gañador de Circuito Galego de Alto Nivel, no seu respectivo grupo, ao barco que teña unha puntuación menor, (sistema de puntuación baixa), ao finalizar as tres regatas que celebran os tres clubs tendo en conta que:*

- a) Cada barco terá unha puntuación total que será o resultado de sumar a puntuación de cada trofeo.*
- b) Se un barco non participa en algunha dos trofeos, recibirá unha puntuación igual ao número de inscritos da súa categoría en tal trofeo máis cincuenta puntos.*
- c) Se un barco non participa nun trofeo e tal trofeo non resulta puntuable en ningunha manga, tal barco recibirá cincuenta puntos por tal regata mais el numero de inscritos da súa categoría.*
- d) Todos los clubs deberán garantizar que al menos os grupos ORC 0 - ORC 1 por un lado e ORC 2- ORC 3 por outro deben estar na mesma saída para poder sacar as clasificacións do Trofeo Presidente de la Xunta.*

*En caso de empate entre dous barcos se aplicará el sistema de desempate del R.R.V.*

## **7. INTERPRETACIÓN DESTAS REGRAS.**

*Calquera cuestión de interpretación sobre estas regras, se decidirá en función do criterio dos representantes dos tres clubs, xunto co Presidente da Federación Galega de Vela, quen actuará como secretario e terá voto de calidade en caso de empate. As anteriores persoas poderán decidir sobre a cuestión de interpretación sen reunirse fisicamente e comunicar a súa decisión de forma oral se as circunstancias así o exigieren e sen prexuízo da súa documentación posterior.*

## **8. PROTESTAS.**

*Calquera protesta baseada nas presentes regras terá que presentarse en tempo e forma ante o Xurado oficial de cada unha das regatas. O Xurado estará obrigado a presentar calquera cuestión de interpretación das regras ao Presidente da Federación Galega quen a tramitará conforme indica o artigo anterior co obxecto de resolvela coa maior prisa posible. O Xurado estará obrigado a resolver conforme ao criterio interpretativo emanado en aplicación do artigo anterior.*

## 9. CLASES ORC

*Nas regatas das que se compón o **Trofeo Presidente de la Xunta** estableceranse cada ano os Grupos puntuables, que para o 2014 serán,*

- ORC CLASE 0 - GPH <510 s/milla
- ORC CLASE 1 - 510 GPH<600 s/milla
- ORC CLASE 2 - 600 GPH<650 s/milla
- ORC CLASE 3 - 650 GPH<685 s/milla

## 10. CLASIFICACIONES

*Cada un dos clubs organizadores de cada unha das regatas que componen o **Trofeo Presidente de la Xunta** será encargado de elaborar as clasificacións provisionáis do mesmo tra-la celebración da proba que organice, e transmitir as mesmas o resto dos clubs implicados.*

AGOSTO, 2014

O COMITÉ DE CLUBES E A FGVELA